

CÓDIGO	E4
Nome do entrevistador	E
Lugar da entrevista	Noia
Fecha	30/04/2015
Tipo de entrevistado	Usuario con trastorno de personalidade

E: Bueno primeiro de nada, qué día nacestes?

E4: O once do dez do sesenta e nove.

E: Sesenta e nove?

E4: Si, teño 45 anos.

E: E dónde vives actualmente?

E4: En (nome da vila).

E: Con quen vives?

E4: Con meus país.

E: Vivistes sempre alí?

E4: No, vivín sempre con meus pais pero vamos en primiero de BUP estuwen interno en (nome do colexio privado) e despois tuven problemas de drogadición, estuwen na calle unha temporada bastante grande, de dous anos, vivindo tirado na calle digamos buscándome a vida. Despois volvín para a casa, e pois vamos eu o acabar os estudos pois e tuven problemas co alcohol e cas dorgas no? E estuwen na calle. E despois e despois digamos que me recuperei, estuwen na casa e empezei a traballar. Estuwen traballando unha temporada grande en varias empresas ee hasta que volvín a recaer e despois estuwen na casa e tal e digamos que tuven varias mozas e despois ingresei no hospital de Conxo cando me detectaron a enfermidade porque eu delinquín. Nunha das recaídas que tuven polas drogas, delinquín e caéronme sete anos de cárcel, entonces e oito anos, sete anos e medio na cárcel. E entonces meu pai falando cos avogados, en vez de eses sete anos de cárcel pagalos en Teixeiro, en Teixeiro tamén estuwen un ano, un ano e catorce meses en total, e en vez de pagalos en Teixeiro pagalos en Conxo. Entonces digamos eu teño un trastorno da personalidade, ciclotimia que se chama, ciclotimia, e que son cambios de humor digamos no? Podes estar 2 ou 3 horas ben e despois dache un baixón de ánimo bastante grande, e podes dache no mesmo día ou en día si, día non, depende do estado de ánimo que che colla.

E: E podes pasarte temporadas sempre arriba ou sempre abaixo?

E4: Non, temporadas no, é por días ou horas, non é por temporadas, é por días ou por horas. Entonces estiven en total en Conxo oito anos que foi donde pagei digamos a pena que tiña da cárcel, estiven oito anos. En conxo digamos que estaba aclimatado o sistema de alí, con unha doctora que se chamaba (nome da doutora) que é (nome da procedencia) era moi boa a verdade que era moi estrita, estiven nunha sala que se chama semicerrada, hai varios compañeiros aquí na Creba que estiveron en Conxo aquí tamén, non coincidín con eles pero coñezos de vista de habelos visto por alí. Pero non coincidín na mesma sala con eles, eu estaba nunha sala semicerrada así... pero estábamos moi moi ben cuidados, había boa comida, estábamos bastante ben atendidos a verdade, e que estou bastante contento, aínda que bueno é bastante traumatizante estar alí. O final estiven oito anos que son moitos.

E: Sí son moitos. E salías ou estuvestes alí os oito anos?

E4: No no, eu era un dos poucos que podía salir a calle, deixábanme salir catro horas o día.

E: E hasta que nivel educativo estudiastes?

E4: Hasta segundo de dereito.

E: Dereito?

E4: Si.

E: E en qué diferentes institutos estuvestes?

E4: Estiven digamos e (tos) e a EGB estudiada no colexio público que se chama o (nome do colexio) que daquela era o (nome antigo do colexio). O instituto estudeino no colexio privado de (nome do colexio privado), en Santiago. O primeiro ano fíxeno interno, despois meus país compraron un piso en Santiago e fixen o BUP e o COU en (nome do colexio privado) pero con meus país, tínhamos o piso con eles. A carreira, os dous anos hasta que o deixei, fíxenos con meu pai na casa en Santaigo na Universidade de Santiago, despois fun a facer un ano a Madrid de socioloxía na (nome do lugar) o que pasa e que en Madrid desmadreime moitísimo, o estar eu solo... tiña problemas xa cas drogas e co alcohol, entón o estar eu solo non me centrei nos estudos e de sete asignaturas que tínhamos aprobei catro, a verdade e que o curso non me saleu malo, pero bueno xa non seguí en segundo.

E: Vale e, como era a situación dentro dos centros escolares estabas cómodo, ben?

E4: Ben, eu sempre fun un bo estudante.

E: As relacións cos compañeiros era boa?

E4: Moi ben, moi ben si.

E: Incluso en Madrid?

E4: En Madrid non tanto, en Madrid...desmadreime moitísimo.

E: Tamén foi cando empezastes a consumir non?

E4: Exactamente, si.

E: Vale, e que enfermidade me dixestes que tiñas?

E4: Ciclotimia, que é un trastorno da personalidade.

E: E tes que visitar o médico?

E4: Si eu teño que ir o psiquiatra cada dous meses.

E: Vale e tes algunha enfermidade asociada o trastorno da personalidade? Tomas algún tipo de pastillas?

E4: Si, si eu tomo medicación, tomo dúas pastillas a mañán unha o mediodía e catro a noite.

E: E ¿Tes algunha outra enfermidade derivada da mesma?

E4: No o que teño é o potasio moi baixo.

E: Cando che diagnostican por primeira vez a enfermidade?

E4: Pois mira fai seis anos que estouna casa máis oito anos que estuven en Conxo, oito e seis catorce mais un, pois fai quince anos.

E: Fai quince anos vale, e acórdaste como foi aquel momento no que che dixeron mira tes esta enfermidade.

E4: Pois foi unha inconsciencia pola miña parte porque non fun consciente en ningún momento da enfermidade, realmente hasta que levaba un par de anos en Conxo non fun consciente da miña enfermidade.

E: E quen foi o que decidiu levarche o médico, teus país...?

E4: Meus país.

E: Porque ti non eras consciente de que tiñas eses cambios de humor grandes non?

E4: No meus país levaban todo eu non era consciente.

E: E consideras que houbo cambios na túa vida familiar ou social antes de ter a enfermidade a despois de tela?

E4: Si.

Eu: Si.

E4: Eu era unha persoa que me dedicaba moitísimo deporte corría practicamente corenta e cinco minutos unha hora de futing o día, xogaba partidos de fútbol sala, chamábanme porque xogaba moi ben o fútbol sala, chamábanme (apodo)... Maratóns de 36 horas, xogaba contacto directo e xogaba tamén o fútbol en distintos equipos durante anos e así facía actividades moitísimo, tiña moitísimos amigos agora practicamente non teño ningún.

E: E na familia?

E4: Na familia estou moi integrado, teño unha familia moi grande sobretudo pola parte de miña nai, moitos primos irmáns. Solo teño un irmán pero lévome moi ben con el meu irmán traballa en (nome da emmpresa e lugar) e miña cuñada é vai bueno ela vai a escola de ballet en (nome do lugar), é profesora de danza (nome do pobo) e é concejala do axuntamento de (nome do concello) polas mañáns, polas tardes clase de danza, e lévome moi ben cos dous, e teño unha sobriñiña de seis anos, e meus pais é a única neta polo tanto eu son seu tío e digamos que eu teño moitísimo irmáns porque meus tíos teñen bastantes fillos.

E: ¿Cantos tíos tes?

E4: Teño dous e un ten cinco fillos e outro tres e nos digamos que meus primos irmáns teñen bastantes fillos entonces xogo moito cos fillos de meus primos irmáns. Meus primos irmáns veñen moito pola miña casa, meus tíos tamén, temos unha piscina na casa a que se veñen bañar meus primos hai bastante vida social con meus primos e con meus tíos.

E: E agora mesmo xa me dixestes que sigues vivindo con teus pais. E tes actualmente tes parexa?

E4: No.

E: No e tuvestes parexa anteriormente?

E4: Si tuven máis de unha parexa.

E: Si e como empezaron?

E4: Todas empezaron da forma máis normal que pode haber por atracción física ou atracción bueno a verdad e que todas empezaron por atracción física realmente. Empezaron pola atracción, e digamos de pareceres de inquietudes, porque a unha delas conocina... a (nome da exmoza) concretamente, a (nome da exmoza) era unha chica de (nome da vila). Conocina na biblioteca de (nome da vila) lendo, tiñamos inquietudes culturais iguais e empezamos a conocernos polas inquietudes culturais e de ahí surgeu o amor.

E: E cando se terminaron as relacións?

E4: Todas polo mesmo problema pola droga, menos a primeira que foi un noviazgo da xuventude que xa se acabou por acabarse.

E: E hoxe en día estas aberto ó amor?

E4: Si, e con todas as miñas exparellas me levo moi ben.

E: E cres que a enfermidade che afectou a hora de atopar parexa?

E4: No, agora no. No ahroa é porque me sinto moi cómodo así.

E: E vamos a falar dos traballos da túa vida. De qué traballastes?

E4: E mira traballei na descarga en (nome da vila) ese digamos que pode ser digamos o meu primeiro traballo porque foi cunha parexa que tiña en (nome da vila), ela traballaba na (nome da empresa e vila) e eu nunha descarga nunha media descarga, porque é un traballo moi duro moi físico de moito frío bueno xa sabes como é a descarga non?

E: Si.

E: Con qué anos traballastes na descarga?

E4: Pois sería con... 25 ou 26 anos. Despois traballei en (nome da empresa), (nome empresa), en (nome da empresa) que era unha empresa de (nome da cidade) que estaba en (nome da cidade) tamén; aí estuven traballando un par de anos despois traballei en (nome da empresa). En (nome da cidade) despois, nun concesionario, aí estuven ano e medio estaría, traballei tamén na descarga, (nome de dúas empresas) e en (nome da empresa) era unha empresa de pinturas que había antes en (nome da vila), que pintaba moitísimo para a Xunta; eu estívenlle levando a parte contable unha temporada sabía levar as as problemas de contabilidade da empresa entonces eu tuven unha temporada cousa de 4 ou 5 anos.

E: E hoxe en día traballas actualmente?

E4: No.

E: No e cres que a enfermidade que tes é un hándicap a hora de atopar traballo?

E4: Non o sei porque non o puxen a buscar traballo.

E: Vale, cantos anos levas aquí na Creba?

E4: Levo 5 meses empecei en Enero.

E: E cál foi o motivo de empezar aquí?

E4: Recomendoumo o meu psiquiatra (nome do psiquiatra).

E: E que tal estás aquí?

E4: Moi ben, encóntrome moi ben, moi integrado, moi cómodo, satisfeito de haber vido, ee moi ben.

E: En qué taller estas?

E4: En enmarcado con (nome da profesional).

E: Estás en enmarcado e estuvestes en outros?

E4: No xa empezei en enmarcado.

E: E estás cómodo, agusto...?

E4: Si é un taller esixente somos as pezas que van a salir para a calle. É o taller máis así que se enséña o que hai aquí na Creba pero bueno a min gústame tamén facer as cousas ben son unha persona perfeccionista gústame que as cousas salan ben e na casa gústame todo moi ben arranxado, moi ben colocadiño, que todo estea no seu sitio, axúdolle moito a miña nai a que estean as cousas no seu sitio, a que estean as cousas en perfección pois intento facelo o mellor posible.

E: Pois está ben, e mira que hobbies tes agora mesmo fora da Creba?

E4: Pois mira na casa como teño unha piscina intento nadar o máis posible, bañarme día si día no, o día que non me baño síntome mal xa, o día seguinte báñome máis tempo

E: E no inverno tamén?

E4: Pois temos a piscina desde febrero, aínda non sei. Temos a piscina cuberta cun calentador que está a auga sempre a 40 grados asique malo será que non me poida bañar. E de hobbies a lectura tamén, encántame a lectura, ler periódicos, libros de todo, gústame moitísimo a lectura, evádeme moitísimo, gústame moitísimo ler, son un lector empedernido. Gústame tamén pasear, andar pola Praia moitas veces a eso das oito da noite dígolle a meus pais que veñan hasta a Praia vivo a 30 metros da Praia e vamos a dar un paseo pola Praia e pouco máis.

E: E non te pranteastes nunca volver a estudar e terminar o que empezastes?

E4: Socioloxía?

E: Si porque non?

E4: O mellor si.

E: Eu ánimoche.

E4: Eu o mellor pola UNED faríao, de momento no porque estou con esto da Creba e estamos en outros proxectos na casa pero bueno cando estea algo máis asentado o mellor retomo o de socioloxía.

E: Fillos non tuvestes nunca non?

E4: No polo momento no.

E: Pois esto é todo moitas gracias.

E4: Gracias.